

PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

MATRIZ DAFO

FOMENTO DE ACTUACIÓN ECONÓMICAS: INDUSTRIA E SERVIZOS

GRUPO 3: COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN

MESA: Fomento de actuacións económicas - industria e servizos

RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

1 Transformar o tecido industrial nun tecido avanzado, intelixente e aliñado coas tendencias internacionais da Fábrica Intelixente e Industria 4.0:

- 1.1 Promover a innovación e a transformación dixital do tecido industrial (Industria 4.0)
- 1.2 Política industrial centrada en actividades intensivas en coñecemento e inseridas en diversas cadeas de valor, nomeadamente a través da formación profesional para o emprego destinada a persoas traballadoras ocupadas, persoas traballadoras autónomas e integrantes de entidades de economía social.
- 1.3 Catalogar e difundir a oferta tecnolóxica e fomentar a aplicación das novas tecnoloxías para o despregamento da Industria 4.0
- 1.4 Progresar na hibridación sectorial para avanzar cara á industria 4.0
- 1.5 Sistematización da I+D+i nas industrias galegas.
- 1.6 Dispoñer de talento capaz de liderar esta transformación dixital: retención e atracción de talento e capacitación das persoas e organizacións para liderar o proceso de cambio nas empresas. En relación á capacitaciónponse especial énfase na potenciación do desenvolvemento de *soft-skills* (liderado, traballo en equipo, etc.), tanto nas universidades como nas empresas; así como na formación profesional para o emprego vinculada a especialidades formativas en industria 4.0, competencias dixitais e tecnoloxía.
- 1.7 Apoiar o ecosistema de innovación e fomentar maiores interaccións para estimular a transferencia de coñecemento, con especial referencia á actualización constante das especialidades formativas da formación profesional para o emprego, en función das necesidades dos sectores produtivos, nomeadamente os máis innovadores.
- 1.8 Avanzar no despregamento de acceso a internet en polígonos industriais, contornas rurais, vilas e centros históricos das cidades, especialmente importante para a industria, a diversificación da actividade económica nas zonas rurais, o comercio e o turismo.
- 1.9 Mellorar a competitividade do sistema loxístico galego, mellorando a súa explotación e desenvolvendo infraestruturas especializadas.

2 Favorecer o crecemento empresarial para aumentar a produtividade e crear economías de escala asociadas a un maior tamaño empresarial

- 2.1 Apoiar o crecemento das microempresas, especialmente en sectores tradicionais e emerxentes (agricultura, turismo, artesanía) e en sectores con potencial de crecemento e exportación.

- 2.2 Avanzar na incorporación efectiva da innovación e a transformación dixital nas PEMEs. Reforzar o asesoramento e a formación sobre que tecnoloxías poden ser máis útiles, que modelos de negocio son máis adecuados á súa situación, que formación pode permitir aos empresarios escalar o seu modelo, coa conseguinte actualización e facilitación do acceso ás especialidades formativas da formación profesional para o emprego nestas áreas
- 2.3 Incrementar a cooperación empresarial como elemento de crecemento inorgánico das empresas, que incrementa á súa vez a competitividade e a actividade económica
- 2.4 Apoiar novos investimentos que actúen como tractores da economía, e promover as infraestruturas compartidas que necesitan as PEMEs
- 2.5 Xerar elementos que reduzan a aversión ao risco e incentiven o investimento privado nas pequenas empresas: como pode ser a Lei de segunda oportunidade aplicada a PEMEs, a promoción do capital-risco e a garantía recíproca entre outras.
- 2.6 Poñer en valor nos mercados a creatividade, a calidade e o produto local, producido e deseñado en Galicia.
- 2.7 Crear unha alianza coas empresas tractoras para fomentar o negocio local e o investimento en Galicia.
- 2.8 Por a disposición das empresas financiamento público que remedie os fallos de mercado do sector financeiro.

3 Fomentar a creación e o crecemento - consolidación das empresas

- 3.1 Impulsar a iniciativa emprendedora: favorecendo o acceso ao financiamento e eliminando elementos tributarios-fiscais que inhiben o emprendemento.
- 3.2 Fomentar a motivación e a cultura emprendedora nos diversos niveis educativos.
- 3.3 Mellorar o entorno administrativo asociado coa posta en marcha da iniciativa empresarial mediante a simplificación normativa, asesoramento público.
- 3.4 Eliminar os atrancos para crear ou expandir negocios e aproveitar economías de escala, eliminando trabas administrativas a nivel rexional e local, máis tamén a figuras tributarias inhibitoras do emprendemento así como das limitacións ao acceso ao financiamento.
- 3.5 Utilizar os sectores estratéxicos galegos como panca do emprendemento innovador mediante modelos de innovación aberta.

4 Mellorar o capital humano e as relacións laborais

- 4.1 Mellorar a capacitación do capital humano adaptado ás novas necesidades do mercado laboral, impulsando e actualizando a formación profesional para o emprego, tanto de persoas traballadoras desempregadas como ocupadas e o impulso do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.
- 4.2 Impulsar unha contorna social e empresarial que favoreza a atracción de talento.

5 Aumentar o volume das exportacións. Incrementar as empresas de base exportadora evolucionando cara á exportación de bens elaborados, servizos especializados e tecnolóxicos fronte á exportación de materias primas ou bens non elaborados.

6 Atraer investimentos a Galicia / incrementar o investimento extraese no noso territorio

6.1 Incentivación fiscal e axudas específicas para a implantación de actividade empresarial en Galicia

6.2 Potenciar a marca Galicia como territorio atractivo para a innovación e investimento económica. Realización dunha gran campaña de comunicación que sitúe a Galicia como unha contorna atractiva para atraer investimento estranxeiro e o investimento interno das empresas galegas ou con centros de traballo no noso territorio.

7 Potenciar a actividade económica vinculada ao concepto de economía circular, fronte a outros modelos que son cuestionables desde o punto de vista da sustentabilidade

8 Mellorar a política e infraestruturas loxísticas e aeroportuarias, a finalización de infraestruturas pendentes, a conexión entre modos de transporte (importante coa chegada do Ave) e a dotación de servizos avanzados nos polígonos industriais, áreas loxísticas e portos.

9 Redución da intensidade enerxética do tecido empresarial e impulso da utilización de enerxías renovables e do autocomusmo:

9.1 Aumentar o aforro e a eficiencia enerxética nas empresas, así como a consolidación da cultura das auditorías enerxéticas e a formación das persoas traballadoras destes sectores a través de especialidades de formación profesional para o emprego nesta materia.

9.2 Fomentar a utilización de enerxías renovables e do autoconsumo o que xerará novas oportunidades para as empresas.

9.3 Actualizar o prezo da enerxía e a política enerxética, tendo en conta que actualmente supoñen un custo moi alto para as empresas e poden chegar a supoñen un freo da produtividade das mesmas.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.1 Baixo nivel de innovación das empresas galegas. O gasto das en actividades innovadoras é dun 0,7% da cifra de negocios, por debaixo da media nacional.	A.1 Especialización industrial nunha serie de actividades suxeitas a fortes procesos de deslocalización (confección e téxtil, naval,...).	F.1 Incremento da competitividade, da eficiencia (recursos) e de los ingresos.	O.1 Reforzamento da posición de Europa como líder en industria manufactureira e outros sectores.
D.2 A porcentaxe da cifra de negocios correspondente a produtos novos ou mellorados é a metade que a nivel nacional (7,4% fronte a 15,1% (2017))	A.2 Falta de espírito emprendedor e obstáculos burocráticos e administrativos para aquelas persoas que o teñen.	F.2 Comercio exterior de Galicia con balance positivo. Grao de apertura comercial internacional da industria galega relativamente elevado.	O.2 Desenvolvemento de novos mercados punteiros para produtos e servicios.
D.3 Baixo porcentaxe de empresas (de 10 ou máis empregados) con empregados especialistas TIC, un 12,7% (2019), case 5 puntos por debaixo da media nacional.	A.3 Incremento da produción en países emerxentes e en vías de desenvolvemento, en ramas moi sensibles para Galicia; competencia mundial crecente.	F.3 Especialización en sectores básicos e intensivos en recursos naturais autóctonos que poden liderar procesos de desenvolvemento endóxeos (sector marítimo pesqueiro, gandería, rocas ornamentais, produtos agrícolas, madeira, enerxía eléctrica ...).	O.3 Utilización crecente de fórmulas asociativas inter-empresariais para acceder á internacionalización e desenvolvemento de programas públicos
D.4 Baixo porcentaxe de empresas (de menos de 10 empregados) con empregados especialistas TIC, un 2,8% (2019), dúas décimas por debaixo da media nacional.	A.4 Adopción da Industria 4.0 por parte dos competidores estranxeiros que neutralicen as iniciativas galegas.	F.4 Alta especialización en certos sectores con presenza de empresas tractoras e polos industriais líderes (téxtil, automoción, transformación da pesca e acuicultura, reparación de maquinaria e equipamento, etc.).	O.4 Capacidade de crecemento do sector servizos, con especial posibilidade de desenvolvemento nas zonas intermedias de poboación
D.5 Só o 44,7% das empresas de 10 ou máis empregados dispón de ferramentas para compartir información entre diferentes áreas de negocio da empresa.	A.5 Ciberseguridade, propiedade intelectual, privacidade dos datos.	F.5 Existencia de clústeres naturais con tradición industrial e clústeres formalizados que contan con persoal especializado e recoñecemento a nivel europeo e que facilitan a cooperación empresarial e o desenvolvemento sectorial.	O.5 Elevado potencial para o desenvolvemento de enerxías alternativas
D.6 O tamaño medio das empresas galegas reduciuse dende a crise de 2008 e non se recuperou polo de agora.	A.6 A expansión das políticas proteccionistas pode lastrar as exportacións e crear vulnerabilidades das cadeas de valor global.	F.6 Gran potencial do sector comercial como xerador de emprego, especialmente entre as mulleres e a mocidade	O.6 Acceso a novos mercados internacionais; posición estratéxica para a expansión en mercados como os de América Latina e Asia

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.7 Descenso do número de empresas entre 2007 e 2018. Caída de 1,2 puntos na porcentaxe de PEMEs sobre o total de empresas entre 2008 e 2017</p>		<p>F.7 Crecemento forte e sostido do investimento en dixitalización das empresas galegas</p>	<p>O.7 Potencialidade para transformar os modelos produtivos, de xeito que xeren un maior valor engadido</p>
<p>D.8 Desigualdade territorial debido á concentración da poboación e da densidade empresarial na franxa atlántica.</p>			<p>O.8 Máis micro e pequenas empresas como abastecedoras da cadea de subministros</p>
<p>D.9 Porcentaxe superior ao nacional de empresas con condicións desfavorables no que respecta á dispoñibilidade de financiamento, cando o 31% das empresas considera a dispoñibilidade de financiamento como un factor que limita altamente a súa capacidade de crecemento</p>			<p>O.9 Asesoramento a empresas para a mellora das estruturas empresariais e o acceso a novos mercados</p>
<p>D.10 Os recursos das empresas dedicados a trámites coas administracións ou a trámites engadidos para operar non diminúen. (Índice de confianza empresarial)</p>			<p>O.10 A expansión das políticas proteccionistas pode fomentar a necesidade de substituír produción importada por interior.</p>
<p>D.11 A taxa de actividade emprendedora reduciuse dende a crise de 2008 e non recuperou polo de agora o nivel previo a 2008.</p>			<p>.</p>
<p>D.12 Exportacións internacionais concentradas en poucas ramas e destinadas principalmente aos países da UE.</p>			
<p>D.13 Escasa atracción de capital foráneo a Galicia.</p>			

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.14 Distanciamiento entre as necesidades de capacitación que precisan as empresas para as súas persoas traballadoras e os programas formativos da formación profesional para o emprego.			